



*Rosalía*  
*na*  
*Coruña*

Nace no  
Camiño  
Novo en  
Santiago de  
Compostela



1837

De noviña  
ten unha  
grande  
afección



Teatro

Cando ten 24 anos e  
unha filla de 4 publica  
o primeiro libro  
escrito, tras moitos  
séculos, íntegramente  
en galego



Cantares  
gallegos



Ola toleirana mocidade! Dámosvos a benvida a esta actividade na que pescudaremos nas pegadas da estrela de Rosalía de Castro na Coruña.

*A Coruña estaba fermosísima.  
Unha temperatura de  
primavera e un sol brillante.  
Estaba por quedarme xa nela.  
Se aquí me fose mal, aló me iba,  
pois xa tiña un sitio moi bo, e  
ben amueblado, onde por tres  
duros ao mes poñíanme servizo,  
habitación e planchado.*

*Santiago, 16 de decembro 1861*

Esta carta escribela Rosalía logo dunha viaxe desde Madrid até Compostela pasando pola Coruña, en dilixencia!!



Rosalía fala da súa viaxe, pero nos seus poemas fálanos de viaxes moito máis duras. Miles de persoas galegas partían por mor da **emigración**...

Convertédevos en detectives investigando e resolvendo os enigmas para atopar as diferentes pistas que se atopan na nosa cidade sobre a gran poeta das letras galegas!



Antiga praia do Parrote

«Pra Habana»

*De humanos séres á compauta línea  
que brila ó sol adiántase e retórcese,  
mais preto e lentamente as curvas  
sigue  
do murallón antigo d'o Parrote.*

Recoñecedes este símbolo!?



Decidiuse facer  
este edificio xusto  
na mesma época  
do nacemento  
desta nena de  
Santiago...!

Rematouse  
cando ela tiña  
uns cinco  
años.

Representa na Coruña un edificio moi **principal**.

Está precisamente dedicado a unha das **afeccións** da poeta da que vos acabamos de falar. Sabedes como se chamou nun primeiro momento?



Moito tempo despois, en 1909, dedicáronlle o teatro a esta nena que nacera no Camiño Novo de Compostela e así quedou para sempre vencellada á cidade da Coruña


Prestade moita atención e utilizade as vosas dotes de detectives para xogar coas pistas e saber onde temos que ir agora



1. Praza máis importante da cidade que ten nome de muller: \_\_\_\_\_
2. Dentro da praza destaca un grande edificio \_\_\_\_\_
3. A seguinte pista condúcevos directamente ao centro do edificio onde se reúnen as persoas elixidas polo pobo para dialogar
4. Estadades dentro? Mirade o teito, catro mulleres marcan os puntos cardinais

4.1 O compás: Coloca cada unha destas mulleres no seu punto cardinal correspondente. O noso norte é : Rosalia de Castro se imos cara ao sur atopamos a Concepción Arenal, no leste está María Pita e no oeste Emilia Pardo Bazán

4.2 Os atributos: aquí tes espallados distintos elementos que se identifican con estas mulleres, defínenas a modo de atributo, reparte os obxectos entre estas catro mulleres tan coñecidas na cidade da Coruña. Fíxadevos ademais que cada unha representa un colexio da cidade.




Imos recitar **Rosalía**. Xa vos contamos que en 1863 publica **Cantares gallegos**. Seguro que tan áxiles detectives coma vós xa se decatarián de que **día** e mes dese ano aparece este importante libro para as nosas **Letras Galegas**

\_\_\_\_\_ de m\_\_\_\_\_ de 1863

Pois si, exactamente, ese día! Agora ímoslle dar outra oportunidade á vosa fantástica memoria escudriñando nun dos seus poemas máis famosos.

Dígovos este **adeus**, porque nos imos.

Ímonos na procura de dúas \_\_\_\_\_ á Cidade Vella ....



*Do mar pola orela*

*mireina pasar,*

*na frente unha estrela,*

*no bico un cantar.*

*(Curros Enríquez a Rosalía)*

*A estrela é  
unha pista!*

Xa estás diante das estrelas? Pois agora resta unha posición a cada cifra e cada letra deste enigma para averiguar en que ano chegou e por que razón. O edificio que está fronte as estrela antes albergaba iso polo que Rosalía e a súa familia se trasladan á Coruña.



Sptbmlb ef Dbtusp lñtubmbtf ñb Dpsvob fñ 2982. P tfv  
ipnf, Nbñvfm Nvshvlb , fsb bsrvlxflsp f bdbc bcbñp ef  
eftulñbs b usbc bmmbs ñp bsrvlxp ep Sflñp ef Hbmldlb.



Vaites! Alguén comeu parte da carta de Rosalía sobre a súa estancia tan pracenteira na Coruña en 1861.

Procura as letras que faltan e descubrirás o nome da rúa na que decide instalarse na súa derradeira estancia na cidade

*A Co\_\_ñ\_\_ estaba fermosísima. Unha tem\_\_e\_\_atura  
de pr\_\_mavera e un sol brilla\_\_ te. Estaba por quedarme  
xa nela. Se en \_\_ompostela me fose mal, aló me \_\_ba,  
\_\_ois xa tiña un sitio moi bo, e ben amueblado, onde por  
tres duros ao m \_\_s poñíanme servizo, habitación e  
planchado.*

-----







Cando chega á Coruña **Rosalía**, xa ten tres fillas e un fillo, e aquí, na súa casa da **Cidade Vella**, nace unha nova bebé. Quérenlle poñer un nome relacionado coa cidade.

Tratade de atopar a solución seguindo as pistas:

- Esta bebé nace case case no medio do **MAR**
- Engade unha vogal idéntica a cada lado e obterás o nome completo



- Esta filla de **Rosalía** queda así asociada a unha das **lendas** máis antigas da cidade da **Coruña** Coñecédela?



Para adiviñar a seguinte parada imos ir na procura dos oficios. Na [Cidade Vella](#) hai unha chea de rúas dedicadas a diferente oficios tradicionais. Imos buscar referencias visuais cercanas para saber cal é o noso camiño. Non vos perdades detectives. Collede os vosos compases e tirade cara o norte – leste.



*Por eso se derretían,  
cal si foran de manteiga,  
diante delas os rapaces,  
os rapaciños da festa,  
os mariñeiros do mare  
que donde á Virxe  
viñeran,  
porque a Virxen os  
salvara  
de naufragar na  
tormenta.*

Resolve esta pirámide quitando cada vez unha letra e saberás a que estaba dedicada esta casa do noso itinerario

Se estou no mar e teño frío, se estou na tormenta e teño medo

Persoa que te guía en diversas cousas

T

M

Tormenta

Din de Rosalía que é a nai das letras galegas, pero tamén foi nai de sete peques.

Adiviñade nesta sopa de letras os seus nomes!

M	L	H	F	O	O	S	Q	S	P	O
V	P	A	Q	G	V	V	X	I	I	Z
A	A	C	A	S	F	A	I	G	M	X
L	T	P	X	M	R	Q	D	D	Q	N
E	V	A	U	R	A	I	A	H	I	P
N	C	Z	C	A	D	R	I	A	N	O
T	I	G	D	L	Ñ	C	A	D	E	R
I	A	A	T	U	L	A	R	O	H	A
N	A	L	E	J	A	N	D	R	A	B
A	C	A	R	M	G	P	I	Z	O	V

Seguro que viñan acotío a pasear por este xardín mentres a súa nai se inspiraba para escribir algúns do seus poemas que despois publicaría en Follas novas. Como o dedicado a Sir John Moore



Buscade a data na que se decidiu colocar estes versos da poeta

*7291 ed ollas x ed x I*



Para obter as solucións  
preme ou escanea

